

XIII FESTIVAL

BETANJAZZ+



CASCO HISTÓRICO



CONCELLO DE  
BETANZOS

BETANZOS  
cerca

20 xul. 21:30 h

MIGUEL GONZÁLEZ  
CUARTETO

en concerto




21 xul. 21:30 h

PABLO SANMAMED  
E BENXAMÍN OTERO

en concerto

dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña



Lugar Praza da Constitución  En caso de choiva ou mal tempo **BETANJAZZ+** desenvolverase na Aula de Cultura Xulio Cuns

Organiza



+info cultural en  
[www.betanzos.gal](http://www.betanzos.gal)



# XIII FESTIVAL



## BetanJazz é +:

O **BetanJazz+** chega ao verán betanceiro este ano na súa XIII edición con novas propostas.

Nacido do contaxio de diferentes músicas, este festival confirma o seu formato e os seus horizontes para darlle cabida ás novas expresións da música improvisada contemporánea.

**BetanJazz+** quere ser unha xanela na que o público terá a posibilidade de poder coñecer de primeira man propostas que representan hoxe o diálogo entre as músicas do mundo e a música improvisada que se fai en Galicia.

## MIGUEL GONZÁLEZ CUARTETO



sábado **20** xullo

Enerxía, improvisación, contraste e amálgama estilístico son os piares sobre os que se constrúe este grupo, establecido xa no 2016 e liderado polo saxofonista, compositor e produtor musical betanceiro Miguel González.

No 2017 lanza o seu primeiro traballo discográfico “Diario de un Analfabeto”, a modo de declaración de intencións sobre as pretensións da música actual e, sobre todo do jazz, propoñendo un conxunto de composicións propias e arranxos de estándar como “On the sunny side of the street” ou “Criss Cross”.

Actualmente a formación traballa na creación do seu novo álbum. Cun repertorio orixinal totalmente renovado que se estreará na XIII edición do festival BetanJazz+, a nova sonoridade do grupo móvese usando como motor a improvisación, entre estilos como o jazz, o rock, o funk ou o hip hop, aderezado pola música tradicional galega e o folclore latinoamericano.

Formación:  
Miguel González, saxofón, composición e dirección.  
Alber Grela, guitarra.  
Iñigo Azurmendi, contrabaixo.  
Brais Villar, batería.

Organiza

## PABLO SANMAMED E BENXAMÍN OTERO



domingo **21** xullo

Compositor, contrabaixista, director musical e produtor, Pablo Sanmamed sempre tivo moitas funcións mais, no corazón, de todo o que fai é ante todo un artista e un gran músico. Un contrabaixista cunha interpretación sinxela e conmovedora, capaz de irradiar unha beleza reflexiva, mais tamén un compositor e líder de banda que creou un mundo sonoro rico e propio. Un son que se funda na heranza do jazz de autor, a world music e as influencias da música contemporánea e a cinematográfica.

Sanmamed presenta o seu terceiro álbum de estudio baixo o título de Zugunruhe: un comportamento ansioso que se lle dá nos animais migratorios aos que se lles impide migrar, especialmente nas aves. Este concepto motiva parte das composicións deste disco, como tamén o fai o seu antónimo, a quietude, ou a ausencia desa necesidade de movemento. Sorprende a incorporación do óboe e o como inglés do reputado Benjamín Otero ao seu habitual trío de jazz, conformado por Iago Mourinho ao piano e Bruno Couceiro á batería, para dar forma a un cuarteto que forxa un son comunitario inmersivo.

Formación:  
Pablo Sanmamed, contrabaixo.  
Iago Mourinho, piano.  
Benjamín Otero, óboe.  
Bruno Couceiro, batería.

